

INFORME DE INFRAESTRUTURAS DA FFT

- Espazos dispoñibles e recursos

1) Aulas, seminarios e laboratorios

Aulas docentes A1, A2, A3, B1, B2, C1, C2 e C3

Aulas de gran capacidade, dotadas de canóns de vídeo, son e cableado para que os estudantes poidan utilizar os seus portátiles. Utilízanse para clases maxistras a grupos grandes, exames, probas escritas e orais, presentacións dos estudantes, conferencias e proxeccións.

Aulas docentes A4a, A4b, A5, A6, A7, A8, B4a, B4b, B5, B6a, B7, B8, C4a, C4b, C5, C6, C7 e C8

Aulas de mediana capacidade, dotadas de canóns de vídeo, son e cableado para que os estudantes poidan utilizar os seus portátiles. Utilízanse para clases teóricas ou prácticas, exames, probas escritas e orais, presentacións dos estudantes e conferencias en grupos medianos ou pequenos.

Seminarios docentes A11, A12, A13, A14, B11, B12, B13, B14, C12, C13 e C14

Aulas de pequena capacidade. Todas están dotadas de canóns de vídeo, son e cableado para que os estudantes poidan utilizar os seus portátiles. Unha delas está dotada de encerado dixital. Para docencia tipo seminario en grupos reducidos, polo que normalmente son utilizados para os mestrados da facultade.

Laboratorios de idiomas

Dúas aulas de pequena capacidade. Están dotadas dos medios tecnolóxicos necesarios para poder desenvolver a docencia teórica e práctica de ensino-aprendizaxe de idiomas. Docencia eminentemente práctica. Exames e presentacións dos estudantes. 36 postos

Laboratorios de interpretación L1, L2, L3, A10, B10, e Newton 1

Aulas de pequena capacidade. Están dotadas dos medios tecnolóxicos necesarios para poder desenvolver a docencia teórica e práctica de interpretación. Para docencia eminentemente práctica, exames e presentacións dos estudantes.

Aulas de videoconferencia C11 e B6b

Aulas de mediana capacidade dotadas de equipamento para videoconferencias.

Aulas de informática A9, C10, Newton 9a, Newton 9b, Newton 17 e b6a

Aulas de uso docente dotadas de canón, son e ordenadores fixos. Para docencia eminentemente práctica. A 9A pode utilizarse como unha de 50 postos ou como dúas de 25.

Aula de informática de acceso libre

Espazo dotado de medios informáticos, con 24 postos individuais. Uso de medios informáticos básicos e acceso a internet dos estudantes. Non está vinculado a materias ou disciplinas concretas. Calquera estudante pode utilizar as súas instalacións para a realización de traballos, exercicios ou proxectos programados, ou dentro da súa actividade de estudo autónoma. Este espazo é atendido por bolseiros da propia universidade.

2) Biblioteca

Lugar de situación dos fondos bibliográficos e videográficos da Facultade, de 1.662 m². Está adscrita á Biblioteca Universitaria da Universidade de Vigo. Dotada de postos para consulta de fondos bibliográficos, postos para visionado de vídeo e puntos de consulta en liña do catálogo. Os fondos supoñen un total de 70.000 títulos, así como 765 publicacións periódicas. Ten salas de estudo para grupos, un vestíbulo, zona de ordenadores con acceso a internet, zona de revistas e xornais, zona de ordenadores con acceso ao catálogo, zona de dicionarios de referencia con postos de estudo, sala de revistas e unha sala de investigación de 3º ciclo. Conta con servizo de reprografía para uso investigador. A biblioteca funciona con libre acceso aos libros e á zona de hemeroteca. Os fondos están no catálogo en liña e os investigadores poden acceder a el e realizar as súas peticións bibliográficas en rede. Ten 200 postos de lectura, 134 nas salas de estudo.

3) Espazos e recursos de usos múltiples

Salón de actos

Salón de actos coa disposición habitual de escenario e butacas. Dotado de medios de proxección de cine e vídeo, de amplificación de son e cabinas de interpretación. Utilizado para conferencias. Mesas redondas, proxeccións, concertos, grandes reunións e actos protocolarios.

Salón de graos

Salón de graos coa disposición habitual de escenario e butacas. Dotado de medios de proxección de vídeo e de amplificación de son. Exposición e defensa de traballos de fin de grao e de máster así como teses doutorais. Tamén se utiliza para conferencias, proxeccións, concertos e actos protocolarios.

Sala de xuntas

Salón de reunión dotado de medios de proxección de vídeo e lousa dixital. Exposición de traballos de fin de grao e de máster así como teses doutorais. Tamén se utiliza para reunións de departamentos, de equipos directivos, e outros actos protocolarios.

4) Outros espazos e recursos

Despachos administrativos: para o Decanato, Conserxería, Secretaría de Alumnos/as, Asuntos Económicos e os cinco Departamentos con sede na Facultade.

Despachos de profesorado: 93, repartidos nos tres pavillóns.

5) Outros recursos materiais

Á parte das infraestruturas e dotacións situadas en espazos concretos de docencia-aprendizaxe, existe un material diverso que pode ser utilizado por profesorado e estudantes na súa actividade no centro, que consiste en ordenadores portátiles, proxectores dixitais, reprodutores de vídeo en diversos formatos, monitores, escaleiras de man, ou cables de conexión, entre outros. Ademais, o centro adquiriu recentemente o equipamento necesario para a implantación de titorías virtuais co fin de axeitar os medios dispoñibles á modalidade de docencia semipresencial.

Conexión sen fíos

O edificio da Facultade dispón de conexión sen fíos á rede da Universidade e, a través dela, a internet. Todos os membros da comunidade universitaria teñen acceso a este servizo mediante clave vinculada á súa conta de correo persoal proporcionada pola universidade.

Recursos docentes en rede

Como apoio á actividade docente presencial, a Universidade de Vigo pon a disposición do profesorado a plataforma informática "Faitic" con recursos en liña destinados á teleformación.

Uvigo-TV

O servizo de gravación de vídeo da Universidade permite o rexistro de conferencias, seminarios e aulas. A Facultade de Filoloxía e Tradución é un dos centros máis activos no uso destas tecnoloxías. É intención dos responsables desta nova titulación facer un uso cada vez maior destes recursos, especialmente naquelas actividades de carácter semipresencial. Enlace: <http://tv.uvigo.es/>

Servizo de reprografía

O centro dispón de servizo de reprografía atendido por unha empresa externa contratada pola Universidade.

6) Resumo das instalacións

Aulas	Seminarios	Salas de informática	Salas de videoconferencia	Laboratorios de idiomas	Biblioteca
27	10	6	2	2	70.000 monografías 765 revistas

